



Xosé Agrelo Hermo, entusiasmo e lealdade

Francisco Rodríguez Sánchez

Non sei se foi en 1973 ou 1974 cando asistín con moita expectativa á representación de Pancho de Rábade de Alvaro das Casas na mostra de teatro de Rivadavia. Naquela representación latexaba a convicción e a forza de todo empeño intencionado, a man dun encenador, dun director, capaz de valorar a literatura dramática nacional e pór ao pobo en contacto con ela, convencido da súa capacidade catártica e pedagóxica. Lembrar as actuacións do grupo teatral Candeia, fundado e dirixido por Xosé Agrelo Hermo, é lembrar o estourido esperanzado do afán de normalidade cultural, lingüística e social: a posibilidade de sermos e actuarmos como galegos e galegas, sen as eivas e limitacións da autenegación, do auto-odio e da desorientación. Agrelo, sabedor do poder incisivo do teatro, utilizouno sabiamente, con esforzo artístico, como ferramenta popular. Era un teatro amador de grande dignidade, que cautivaba aos espectadores, porque estaba feito cunha grande dose de coñecemento da sociedade galega, escollido en función da súa problemática e preparado traballosamente con persoas non profesionais, prendidas polo entusiasmo didáctico que inxectaba Agrelo na tarefa. A década de Candeia foi un resplandor que case daba a seguridade de que se avexiñaba unha permanente luminosidade, a da normalidade cultural e política de Galiza, nomeadamente a da nosa lingua. Como dicía Agrelo anos máis

tarde, non se logrou o obxectivo, pero ficou o pouso, a pegada que, embora todas as limitacións e retrocesos, segue marcando o camiño.

Nun país como o noso, unha persoa como Agrelo non podía permanecer allea á vida política activa, ao compromiso práctico, á participación alí onde for requerido desde o nacionalismo (BNPG, primeiro; BNG, despois). Militante da ANPG desde a súa fundación, sempre evocou a enerxía voluntarista, o compromiso rexo dunha militancia nacionalista, inevitabelmente tendente ao ideoloxismo naquel entón, pero tamén cheia de convicción e xenerosa e desinteresada no esforzo, máis sensíbel e combativa no eido cultural e lingüístico. Agrelo sempre asumiu como correcta e inevitábel, malia a súa difícil asunción social, a posición contraria á Constitución española e ao Estatuto de Autonomía, defendida polo BNPG. Pasados anos, cavilaba que era unha marca ideolóxica, precisamente para deixar claro que Galiza era unha nación, o que os textos constitucional e estatutario negaban. Debía pesar máis esta negación inaceitábel que as formas de participación democráticas que posibilitaban. Eis unha das claves da súa convicción íntima: a falla de complexos, a valorización dos propios esforzos e virtudes. Nunca caíu no mimetismo do nacionalismo vasco, embora poidese admirar a súa vizosidade combativa nalgún intre. Porén decatábase do esforzo e a

valentía que moveran ao nacionalismo galego na transición, precisamente para delimitar e afortalar os seus cimentos ideolóxicos. A súa lealdade era propia de que coñecía por experiencia o fácil que é destruír e o difícil que é manter e mellorar o construído, en todos os eidos, nomeadamente o político.

Entusiasta, leal, posibelmente céptico en vista da evolución política, transmitía unha xenerosa aceptación e comprensión para os que se mantiñan no compromiso nacionalista, sen caer no sectarismo e o individualismo destrutivos. A súa desaparición foi prematura. Teño a sensación de que, con 69 anos, estaba nunha renovada disposición didáctica, de proveito para a dinamización cultural tan necesaria e seguramente para o bon facer político. ➡

“Sabedor do poder incisivo do teatro, utilizouno sabiamente, con esforzo artístico, como ferramenta popular”



